



RESUMO DA XUNTANZA DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLERÍA CELEBRADA O MÉRCORES DÍA 21 DE OUTUBRO DE 2015, ENTRE AS 10 E AS 12 HORAS.

Asisten o Xefe Territorial, Inspector Xefe, Secretario e representantes de CIG, STEG, FETE-UXT, CC.OO. e ANPE. Non asiste ningún representante de CSIF.

A **Orde do Día** foi a seguinte:

1. Lectura e aprobación das actas anteriores de 27 de maio, 17 de xuño, 1 de xullo, 2 de setembro e 23 de setembro de 2015

Apróbase con algunhas correccións a acta de 27 de maio e fican pendentes as demais.

2. Temas pendentes de xuntanzas anteriores.

2.1. Estado das xestións sobre obras no CEIP Rubiáns de Vilagarcía

A preguntas do STEG, o XT informa de que xa se celebrou unha reunión “a varias bandas” (Concello, Consellaría e Dirección) e declara a súa disposición a financiar nun 50% os arranxos necesarios nese ximnasio, “a medias” co Concello de Vilagarcía. O problema segundo di, é que ese Concello aínda non ten claro se afrontar reformas no actual ximnasio ou ir á construción dun novo pavillón. Nese segundo caso, di o XT, a Consellaría non podería achegar financiamento suficiente, pois a obra roldaría o millón de euros e non hai ese diñeiro nas partidas orzamentarias de que dispón. STEG demanda que, mentres non chega unha decisión definitiva sobre ese tema, se fagan arranxos parciais que minimicen no posíbel as deficiencias que se están padecendo (goteiras, mal estado do baños, etc.) e o XT sinala que ten pensado ordenar de inmediato o “parcheo” das instalacións.

Aprovéitase que estamos a falar de obras para tratar aquí o sétimo punto da orde do día, que fai referencia ás obras no pavillón do IES María Soliño. O XT sinala, a preguntas da CIG, que esa obra entra como prioritaria nos orzamentos de 2016, pero engade que falta aínda definir o nivel de prioridade (nunha escala de 1 a 5). Entre xaneiro e febreiro calcula que poderá dar unha resposta concreta a esta cuestión do nivel de prioridade desas obras.

2.2. Orde de avaliación e programación. Vai a CCEOU elaborar un guía? Cando?

O XT, a preguntas da CIG, contesta que xa están colgados no web da Consellaría dous Guías, un de Primaria e outro de Secundaria, para elaborar programacións. A respecto da saída da Orde de avaliación de Primaria, declara non saber nada novo, agás que ten que saír este curso, si ou si, porque entra en funcionamento a reválida de 6º.

Preguntado tamén polo compromiso de certa flexibilidade nos prazos para a entrega

das programacións que teñen que se adaptar á LOMCE, contesta que Inspección está a dar de prazo ata o remate do primeiro trimestre deste curso.

STEG coloca a cuestión dunha inspectora que avisou nun centro de secundaria de que sería necesario gravar os exames orais, certas probas de educación física, os debates de filosofía contemplados para 2º bach., etc. para poder avaliar correctamente en base ás novas programacións LOMCE. STEG pregunta se iso é unha recomendación, unha orientación ou un mandato, se vai ser só para ese centro ou para todos os de secundaria; de ser un mandato, pregunta cando e como vai dotar a Consellaría a todo o profesorado e a todos os centros de secundaria do material necesario (gravadoras, etc.) para realizar esas gravacións. O XT límitase a preguntar polo nome da inspectora e do centro en cuestión e promete recabar información para contestar nunha vindeira xuntanza coa Permanente da Xunta de Persoal.

Tamén pregunta STEG sobre o procedemento de cuantificación dos estándares de aprendizaxe que se estatúe na norma, pois, ao seu ver, pode provocar un auténtico sinsentido dada a enorme cantidade de estándares que hai que manexar nalgúns cursos e materias. Se unha soa unidade didáctica pode manexar dúcias de estándares e todos eles deben ser porcentualizados para a avaliación final, podería darse o caso de ter que estar a sumar e ponderar 0'010 %, ou así, por cada estándar sobre a nota final e iso complicaría ata extremos esperpénticos o cómputo. STEG entende que esa porcentualización podería facerse máis ben por “bloques”, mais o Inspector Xefe respóndelle que a norma di o que di e está como está, polo que debe procederse nas programacións a porcentualizar todos e cada un dos estándares para a avaliación.

2.3. Vacantes reclamadas polos centros

A seguir repásanse as demandas de vacantes formuladas. Concédense 1 de AL da EEI de Verducedo (Moaña), 1 de PT para o CEIP A Escardia (Vilagarcía), 1 de PT para o IES Ricardo Mella de Vigo e 1 de Inglés para a EEI de Verducedo (Pontevedra). Denéganse as solicitadas para a EEI da Modia (Cambados), 1 de AL; para o CEIP A Carballeira de Pontevedra (1 AL), o CEIP Castelao de Vigo (1 de Orientación), o CEIP Cabada Vázquez (1 AL) e a EEI As Mariñas, de Redondela (1 AL).

2.4. Criterios sobre composición de CCPs e Departamentos de Orientación tras a desaparición dos ciclos en Primaria.

Preguntado o XT sobre esta cuestión, dado que hai disparidade no tratamento da cuestión segundo os centros, resposta que se debe cumprir a norma como está, que indica que os ciclos xa non existen e que, polo tanto, non hai xa coordinacións de ciclo. O Inspector Xefe engade que sería bo que se lle comunicasen ao Inspector de centro situacións irregulares que se produzan neste sentido, para proceder a corrixilas conforme á norma.

2.5. Circular sobre canon audiovisual

O XT responde a pregunta formulada por STEG sobre este asunto na anterior reunión, a respecto dunha circular enviada aos centros por unha determinada empresa privada de xestión de dereitos requirindo o pagamento dun canon audiovisual. O XT remítese para contestar á circular conxunta 14/2014 da Dirección Xeral de Centros e da Secretaría Xeral Técnica, na que se indica que, cumprindo determinadas condicións no uso dos materiais audiovisuais (pequenos fragmentos, en horario lectivo etc.), os centros non teñen nada que pagar. A mesma orde sinala que “dentro do respecto a estes límites, as empresas xestoras de dereitos de explotación sobre obras, xa sexan audiovisuais ou doutro tipo, non poden esixir aos centros docentes ningún tipo de solicitude de autorización previa para exhibición ou

comunicación pública da obra, nin compensacións económicas pola mesma".

En todo caso, se chegase unha carta como esa a un centro, a dirección do mesmo debería consultar de inmediato coa Inspección ou propia coa Xefatura Territorial como proceder nese asunto antes de pagar nada.

2.6. Problemática dos PES de Música nos Conservatorios

STEG pregunta se a Consellaría ten pensado adoptar algunha medida correctora no inmediato futuro diante da situación de conflito suscitada nos Conservatorios pola concesión de vacantes nos últimos cursos a PES de Música en detrimento das persoas especialistas que agardan quenda nas listas de interinaxe correspondentes. O XT sinala que axiña ha saír unha sentenza en Compostela sobre unha demanda formulada sobre este asunto e que a Consellaría agardará ao que ditamine esa sentenza para tomar algunha medida ao respecto.

3. Problema co cesamento do profesorado do CPMUS e CSMUS de Vigo.

CC.OO. pregunta polo acontecido con persoal do CPMUS de Vigo que estaba en comisión de servizo no CSMUS e foi cesado tanto do posto en comisión de servizo como do seu propio destino no CPMUS. O XT contesta que, efectivamente, houbo un erro nese duplo cesamento e que xa a xefa de Recursos Humanos está traballando na corrección dese erro.

4. Reclamación CPMUS de Pontevedra sobre nomeamento dirección.

CC.OO. interésase por este tema mais o XT replica que non lle consta que se teña presentado tal reclamación, polo que solicita datos máis concretos do problema. Algunhas organizacións sindicais comentan que talvez se trate dunha confusión sobre a localidade do Conservatorio e esa reclamación sobre a que se pregunta fose a presentada no seu día en Vigo. O sindicato CC.OO. sinala que verificará a cuestión para traela a unha nova xuntanza co XT.

5. CIFP A Xunqueira protesta por horarios non legais. Necesidades profesorado.

CC.OO. sinala a existencia no CIFP a Xunqueira de Pontevedra de horarios non legais, por canto contemplan, por exemplo, máis de 20 horas lectivas do traballador en FPDual e máis de 8 horas de docencia nun mesmo día. O Inspector Xefe indica que non ten reclamación formulada ao respecto, de maneira que insta ao profesorado afectado a presentala de inmediato para que poida intervir Inspección e facer que os horarios se axusten á normativa.

6. Situación do comedor do CEIP Carrasqueira.

CIG comenta unha sentenza sobre cociñeiros oficiais de 2ª deste comedor que desempeñaban impropriamente funcións de oficiais de 1ª. A sentenza dálles a razón ás traballadoras que reclamaron e condena á Consellaría a pagarlles a diferenza salarial correspondente. Como resposta, a XT enviou a todos os centros con comedor das mesmas características (8 en Vigo e 48 en total na provincia) unha circular especificando as funcións propias de cada categoría e ordenando que se releven de inmediato os oficiais de 2ª de calquera función que non lle corresponda, recaendo así nas direccións dos centros, caso de non haber oficiais de 1ª nese comedor, o desempeño das tarefas propias destes (deseño de menús, atención a provedores, etc.). CIG propón como alternativa que se faga recoñecemento e retribución de oficiais de 1ª para eses oficiais de 2ª onde sexa necesario para garantir un bo servizo

no comedor, pois entende que a Consellaría ten que dotar de persoal cualificado eses comedores e que non é tarefa dun director/a, porque non ten esa cualificación profesional, por exemplo, a confección dos menús.

7. Obras no pavillón polideportivo do IES M^a Soliño de Cangas

Este asunto xa foi tratado no punto 2.1.

8. Atraso no nomeamento da profesora de FI na EEI de Verducido.

Xa se deu resposta a este punto no apartado de negociación de vacantes (2.3.)

9. Rolda de intervencións.

FETE-UGT pregunta polos requisitos que deben cumprirse para a concesión de permisos de asistencia a cursos de acollemento e adopción organizados pola Consellaría de Benestar social. O XT resposta que a Consellaría de Educación xa se dirixiu á de Benestar para que lle aclare o procedemento e requisitos a seguir nese caso, mais está aínda á espera de resposta.

FETE-UGT pregunta se o feito de que un centro solicite no momento da matrícula dun alumno/a novo/a datos sobre a avaliación académica no centro de procedencia pode ser vulneración do dereito á protección de datos. O Inspector Xefe entende que non.

ANPE pregunta polo problema de altas temperaturas que se padece nas instalacións do CMUS Manuel Quiroga de Pontevedra en determinados períodos do curso. O XT responde que están previstas obras en 2 aulas do Conservatorio para mellorar a ventilación e reducir o problema sinalado, mais advirte en todo caso que esas obras faranse unha vez pasado o inverno.

STEG sinala que continúan producíndose problemas coa conexión á Rede no IES A Basella, de Vilanova de Arousa, xa tratados na anterior xuntanza, e o XT responde que el xa lle deu parte a AMETEGA para que os solucione.

STEG coloca sobre a mesa un problema existente no CEIP Fonte Escura-Vigo, no que se denegou por Persoal un nomeamento de secretaria para unha profesora que desde inicio deste curso viña desempeñando eses labores por indicación da Dirección do seu centro, a quen verbalmente se lle dera permiso para iso, dado que o centro, de 5 unidades, conta desde o curso pasado cunha Aula Específica. O XT contesta que, con pé na norma, a ese centro non lle corresponde o nomeamento en cuestión, mais comprométese a revisar o tema e ver se hai posibilidade de que vaia adiante polas circunstancias concretas dese centro.

CIG pregunta polas molestias ocasionadas á práctica docente normal polas obras de reforma que se están facendo no CIFP Carlos Oroza e o XT reconece que esas molestias existen, efectivamente, mais é mellor facer as obras que non facelas. Para tentar minimizar o impacto que afecta a determinadas aulas do Carlos Oroza, unha parte do alumnado estase desprazando a aulas do Príncipe Felipe para recibir alí docencia. CIG considera, en último caso, que detrás do problema hai un erro na planificación temporal desas obras, pois deberíanse ter feito en período non lectivo.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión.

A vindeira reunión da Permanente da Xunta de Persoal Docente co Xefe Territorial da Consellaría queda fixada, en principio, para o mércores, 18 de

novembro, ás 10 horas.